



A Sociedade da Información e os autónomos de Galicia. Edición 2019

XUNTA DE GALICIA

Edita: Xunta de Galicia

Presidencia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega).

Lugar: Santiago de Compostela

Ano: 2020



Este documento distribúese baixo licenza Creative Commons 3.0 Recoñecemento –Compartir baixo a mesma licenza dispoñible en:

<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/deed.gl>

Índice

1. Introducción	4
2. Metodoloxía	6
3. Caracterización dos autónomos galegos	8
4. Equipamento e uso das TIC na actividade dos autónomos	13
5. Conclusións	28

1. INTRODUCCIÓN



Estudo elaborado polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

Este estudo analiza comparativamente o uso da Sociedade da Información por parte dos autónomos/as galegos/as respecto do resto de formas societarias e do conxunto das microempresas.

AVALIAR

- Ser un punto de partida para **avaliar** e servir de elemento para a definición de iniciativas e actuacións focalizadas nos autónomos/as galegos.

CARACTERIZAR

- **Caracterización** dos autónomos/as galegos: actividade, provincia de ubicación, sexo do traballador/a...

ANALIZAR

- **Analizar** polo miúdo información cuantitativa dos autónomos/as galegos relacionada coas seguintes cuestións:
 - Conexión a Internet de calidade
 - Optimización da xestión empresarial a través das TIC
 - Cloud Computing
 - Web e presenza nas redes sociais
 - Comercio electrónico
 - Interacción coas AA.PP. a través de Internet

2. METODOLOGÍA



Maior eficiencia e coordinación da actividade estatística

A fonte de información empregada para realizar a caracterización dos autónomos galegos é o Ministerio de Empleo e Seguridade Social

A información relativa ao equipamento e uso das tecnoloxías no tecido empresarial galego procede da *Enquisa sobre uso de TIC e comercio electrónico nas empresas do Instituto Nacional de Estadística* (INE) facilitada a través do Instituto Galego de Estatística (IGE) en virtude do marco do convenio de colaboración asinado entre a Amtega e o IGE

Datos complementarios aos publicados polo INE

O convenio de colaboración tamén permite que se facilite ao OSIMGA unha ampliación dos datos publicados polo INE, ofrecendo datos complementarios especialmente no que se refire a:

- Datos relativos ás microempresas galegas
- Comercio Electrónico nas empresas galegas
- Datos de empresas con sede fóra de Galicia pero que desenvolven parte da súa actividade na Comunidade Galega


3. CARACTERIZACIÓN DOS AUTÓNOMOS GALEGOS



O Ministerio de Emprego e Seguridade Social en Galicia para o 2019 indica que hai rexistrados 135.256 persoas como traballadores/as autónomos/as, é dicir, que non están integrados en sociedades mercantís, cooperativas ou outras entidades societarias; tampouco son colaboradores familiares nin están rexistrados como parte dalgún colectivo especial de traballadores.

No 2019 rexistráronse en Galicia 135.256 autónomos/as que representan o 6,8% do total de autónomos/as de España.

AUTÓNOMOS SEGUNDO PROVINCIA




Fonte: Ministerio de Emprego e Seguridade Social. Afiliados a 31 de Decembro de 2019.

A cifra de traballadores/as autónomos/as en Galicia prosegue co ritmo de descenso rexistrado nos últimos anos.


AUTÓNOMOS

EVOLUCIÓN EN GALICIA 2012- 2019



Fonte: Ministerio de Emprego e Seguridade Social. Datos anuais do 4º trimestre de cada ano.


A distribución por xénero dos traballadores/as autónomos/as é sensiblemente diferente en Galicia e a nivel estatal, cunha presenza moito maior da muller galega neste colectivo. A fenda entre autónomos e autónomas en Galicia é de 15,4 puntos porcentuais mentres que a nivel estatal é case o dobre (28,6 puntos).




Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social. Afiliados a 31 de Decembro de 2019.

AUTÓNOMOS SEGUNDO GRUPOS DE IDADE

COMPARATIVA GALICIA-ESPAÑA



Respecto a idade dos autónomos/as, tanto en Galicia como no total de España os máis emprendedores son as persoas de 40 a 54 anos.




Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social. Afiliados a 31 de Decembre de 2019.

Aínda que o sector servizos é no que máis autónomos/as traballan tanto en España como en Galicia, o peso da agricultura na Comunidade galega ponse de manifesto nun 20,8% de afiliados/as á Seguridade Social en réxime de autónomos/as neste sector, 9,5 puntos porcentuais máis que o resto do Estado.




AUTÓNOMOS SEGUNDO SECTOR DE ACTIVIDADE

COMPARATIVA GALICIA-ESPAÑA



Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social. Afiliados a 31 de Decembro de 2019.

4. EQUIPAMENTO E USO DAS TIC NA ACTIVIDADE DOS AUTÓNOMOS




4.1. EQUIPAMENTO INFORMÁTICO E EMPREGO DAS TIC PARA A XESTIÓN EMPRESARIAL

Máis do 70% dos/as autónomos/as galegos dispoñen de ordenador. Durante o ano 2019 incrementouse o uso de ordenadores entre os traballadores autónomos/as, cun crecemento do 5,8% respecto ao ano anterior. No período 2015-2019, o incremento rexistrado foi dun 28,4%.

ENTIDADES QUE DISPOÑEN DE ORDENADOR SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

EVOLUCIÓN EN GALICIA 2015- 2019






No 2019 creceu considerablemente o uso do móbil ou dispositivos portátiles como ferramenta de conexión a Internet para fins empresariais, acadando ao 59,2% dos traballadores autónomos (un 34,5 % máis que no ano 2018).

AUTÓNOMOS/AS QUE UTILIZAN DISPOSITIVOS PARA FINS EMPRESARIAIS

EVOLUCIÓN EN GALICIA 2015- 2019



■ Uso de ordenadores con fins empresariais

■ Uso de ordenadores conectados a Internet con fins empresariais

■ Persoal ao que se lle proporcionou un dispositivo portátil que permitía a conexión móbil a Internet para uso empresarial

Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE


Os autónomos/as galegos/as continúan a ter un uso moderado de servizos de Cloud Computing, arredor do 5%. Non obstante, este indicador aumenta 0,5 puntos porcentuais entre os autónomos .



COMPRARON SERVICIOS DE CLOUD COMPUTING SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

EVOLUCIÓN EN GALICIA 2015- 2019

Base: empresas con conexión a Internet




Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE

As solucións de Cloud Computing máis demandadas polos autónomos / as galegos son as relativas aos “Servizos de Cloud computing entregados dende servidores compartidos” (74,8%), ao “Almacenamento de ficheiros” (69,3%) e aos “Servizos de E-mail” (62,6%).

COMPRA DAS SOLUCIÓNS DE CLOUD COMPUTING SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA


Base: empresas que usan Cloud Computing



4.2. INTERNET E BANDA LARGA

A porcentaxe de autónomos / as que posúen conexión a Internet en Galicia aumentou nun 3,3% no ano 2019, acadando o 65,6%. Dende o ano 2015, o crecemento da dispoñibilidade de Internet entre os/as autónomos/as aumentou nun 34,4%.


CONEXIÓN A INTERNET
SEGUNDO CONDICIÓ XURÍDICA
EVOLUCIÓN EN GALICIA 2015- 2019



ACCESO A INTERNET A TRAVÉS DE BANDA LARGA SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

EVOLUCIÓN EN GALICIA 2015- 2019

Base: empresas con conexión a Internet




Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE

No 2019 a totalidade das microempresas galegas que contan con conexión a Internet, incluíndo aos autónomos e autónomas, accederon á Internet a través de banda larga.

ACCESO A INTERNET A TRAVÉS DE BANDA LARGA MÓBIL SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA


EVOLUCIÓN EN GALICIA 2015- 2019

Base: empresas con conexión a Internet



Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE


Entre os autónomos/as con conexión a Internet, un 81,6% opta pola banda larga móbil, medrando un 10,7% no último ano. De novo, e por tercer ano consecutivo, o indicador para os/as autónomos/as supera a porcentaxe media total das microempresas (77,2%) e formas societarias empresariais (72,3%).



O 69,1% dos/das autónomos/as galegos/as conta cunha velocidade de conexión a Internet superior aos 10 Mbps. Entre os autónomos/as, cabe salientar o incremento de 11,3 puntos porcentuais da contratación de velocidades de conexión a Internet superiores aos 100 Mbps, acadando xa ao 24,7% deles/as.

VELOCIDADE DE CONEXIÓN SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Base: empresas con conexión a Internet




4.3. PÁXINA WEB E REDES SOCIAIS

A dispoñibilidade de páxina web durante o 2019 experimentou un incremento de 2,9 puntos porcentuais no caso dos/as autónomos/as (21,8%). Considerando o conxunto das microempresas galegas a tendencia é a contraria, cun descenso de 4,2 puntos.

DISPOÑIBILIDADE DE PÁXINA WEB SEGUNDO CONDICIÓ XURÍDICA


EVOLUCIÓN EN GALICIA 2015- 2019

Base: empresas con conexión a Internet



SERVIZOS DISPOÑIBLES NA PÁXINA WEB SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Base: empresas con conexión a Internet e páxina web



A presentación da empresa é o servizo máis frecuentemente dispoñible nas páxinas web dos autónomos/as galegos.

Cabe salientar, por outra banda, que o 49,9% dos autónomos/as con páxina web fornece o acceso a catálogos de produtos ou a listas de prezos na súa páxina, o que supón un aumento de 32 puntos en comparación co ano 2018.




Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE

Un 26,7% dos/as autónomos/as con conexión a Internet emprega os medios sociais. Esta porcentaxe é superior ao global das microempresas galegas (25,7%). Entre este colectivo, unha maioría opta por redes sociais tales como Facebook, LinkedIn, Tuenti, Google+,...

MEDIOS SOCIAIS SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

EVOLUCIÓN EN GALICIA 2015- 2019


Base: empresas con conexión a Internet que empregan medios sociais



REDES SOCIAIS (Facebook, LinkedIn, Tuenti, Google+, Viadeo, Yammer...) SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA


EVOLUCIÓN EN GALICIA 2015- 2019

Base: empresas con conexión a Internet que empregan medios sociais



EMPREGO DOUTROS MEDIOS SOCIAIS SEGUNDO CONDICI3N XUR3DICA

Base: empresas con conexi3n a Internet que usan medios sociais



Fonte: elaboraci3n do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE

Os aut3nomos/as galegos/as destacan pola utilizaci3n de websites que comparten contido multimedia, seguido do uso de blogs de empresas ou microblogs como Twitter ou Blogger. Cabe salientar que, tanto a utilizaci3n de websites que comparten contido multimedia como as ferramentas para compartir coñecementos baseadas en Wiki, contan cunha aceptaci3n lixeiramente superior entre os/as aut3nomos/as que no resto de microempresas.


4.4. COMERCIO ELECTRÓNICO

As vendas a través de Internet continua o crecemento indicado no ano 2018, tanto a nivel microempresas (1,2 puntos máis) como entre os autónomos/as. Entre os autónomos/as de Galicia, o crecemento nas vendas a través de comercio electrónico foi superior: 1,5 puntos, acadando o 4%.

VENDAS POR COMERCIO ELECTRÓNICO SEGUNDO CONDICIÓ XURÍDICA

EVOLUCIÓN EN GALICIA 2015- 2019

Base: empresas con conexión a Internet




4.5. INTERACCIÓN COAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS A TRAVÉS DE INTERNET

O uso de Internet para relacionarse coas Administracións Públicas segue a aumentar entre as os/as autónomos/as galegos, de xeito que un 72,6% dos/das autónomos/as con conexión a Internet empregou a Rede para relacionarse coas Administracións Públicas. Supón un incremento de 2,3 puntos respecto ao ano anterior.

INTERACCIÓN COAS AA.PP. SEGUNDO CONDICIÓ XURÍDICA

EVOLUCIÓN EN GALICIA 2015- 2019

Base: empresas con conexión a Internet



5. CONCLUSIONES



Caracterización do/a autónomo/a en Galicia

- Caracterización: 135.256 autónomos /as en Galicia, que representan o 6,8% do total de autónomos/as de España
- A distribución por xénero dos traballadores/as autónomos/as é sensiblemente diferente en Galicia e a nivel estatal, cunha presenza maior da muller no colectivo. A fenda entre autónomos e autónomas en Galicia é de 15,4 puntos porcentuais mentres que a nivel estatal é case o dobre (28,6 puntos).
- Aínda que o sector servizos é no que máis autónomos/as traballan tanto en España como en Galicia, o peso da agricultura na Comunidade galega ponse de manifesto nun 20,8% de afiliados/as á Seguridade Social neste réxime, 9,5 puntos porcentuais máis que o resto do Estado.

Fortalezas

- Máis do 70% dos/as autónomos/as galegos dispoñen de ordenador. Durante o ano 2019 incrementouse o uso de ordenadores entre o colectivo, cun crecemento do 5,8% respecto ao ano anterior. No período 2015-2019, o incremento rexistrado foi dun 28,4%
- A porcentaxe de autónomos / as que posúen conexión a Internet en Galicia aumentou nun 3,3% no ano 2019, acadando o 65,6%. Dende o ano 2015, o crecemento da dispoñibilidade de Internet entre os/as autónomos/as aumentou nun 34,4%. Entre os autónomos/as con conexión a Internet, un 81,6% opta pola banda larga móbil, medrando de xeito significativo no último ano (10,7%), superando a porcentaxe media total das microempresas (77,2%) e as formas societarias empresariais (72,3%).
- O 69,1% dos/das autónomos/as galegos/as conta cunha velocidade de conexión a Internet superior aos 10 Mbps. Entre os autónomos/as, cabe salienta o incremento de 11,3 puntos porcentuais da contratación de velocidades de conexión a Internet superiores aos 100 Mbps, acadando xa ao 24,7% dos autónomos/as.
- Nas vendas a través de Internet continua o crecemento rexistrado no ano 2018, tanto a nivel microempresas (1,2 puntos máis) como nos autónomos/as. Entre os autónomos/as de Galicia, o crecemento nas vendas a través de comercio electrónico foi de 1,5 puntos, acadando o 4%.
- O uso de Internet para relacionarse coas Administracións Públicas segue a aumentar entre as os/as autónomos/as galegos, de xeito que un 72,6% dos/das autónomos/as con conexión a Internet empregou a Rede para relacionarse coas Administracións Públicas, 2,3 puntos máis que o ano anterior.

Debilidades

- Os autónomos/as galegos/as continúan a ter un uso moderado de servizos de Cloud Computing, en torno ao 5%.
- Tamén presentan marxe de mellora significativa os indicadores relativos á dispoñibilidade de páxina web, ao uso das redes sociais e as vendas a través de Internet.



Edificio CINC
Cidade da Cultura de Galicia
Monte Gaiás s/n
15781 Santiago de Compostela (A Coruña)

